



REAL
MOSTEIRO
DE OIA

MEMORIA DE SOSTIBILIDADE
2020

Facendo historia dende o S.XII

PATRIMONIO DE TODOS

Índice

1. Sostibilidade Económica.....	8
2. Sostibilidade Social.....	14
3. Sostibilidade Cultural.....	16
4. Sostibilidade Medioambiental...	32
5. Conclusións.....	36
6. Anexos.....	39

O mosteiro de Oia

O Real Mosteiro de Santa María de Oia fundado no século XII e pertencente daquela á Orde do Císter, é un mosteiro extraordinariamente singular.


É o único de Europa da Orde á beira do Océano Atlántico; foi praza de armas por imperativo real durante séculos estando fortemente artillado; e foi e é parada clave do Camiño Portugués pola Costa a Santiago de Compostela.

Por estas razóns dispuxo de hospital, botica e boticarios, así como de plantacións de herbas medicinais.

Os privilexios permitíronlle desenrolar a cría de cabalos salvaxes dende o S.XIII e o cultivo da vide e a produción do viño nas terras de O Rosal e o Miño portugués.

A actual propiedade é consciente desta singularidade, querendo levala alén da rehabilitación estrita dun patrimonio que é de todos.

Dotar de vida ao conxunto dun xeito respectuoso a través de dinámicas económicas, sociais, culturais e medio ambientais é o reto que cada ano temos diante de nós.



¿Por que unha memoria de sostibilidade?

Todo patrimonio ten un valor. Ese valor ten que activarse, para asegurar a súa sostibilidade no tempo e así garantir o seu futuro.

Pero a sostibilidade non pode limitarse a ser económica, se non que ten que chegar tamén a ser social, cultural e medioambiental.

Así o entendemos dende o Real Mosteiro de Oia, resumindo neste informe e con esa estrutura, o traballo desenvolto no ano 2020.

Estrutura da memoria:

1. Sostibilidade Económica

- a. O proxecto
- b. A dinamización cultural

2. Sostibilidade Social

3. Sostibilidade Cultural

- a. Programación Cultural
- b. Proxecto “Os presos do Mosteiro. Memorias da Guerra Civil española”
- c. “II Recoñecemento Mosteiro de Oia. Chave e memoria de Galicia”
- d. Consolidación de fitos sociais e culturais anuais de referencia
- e. Creación da Editorial “Serra da Groba”
- f. Outros eventos
- g. Resultados 2020

4. Sostibilidade Medioambiental

5. Conclusións

6. Anexos

- a. Evolución dende a adquisición (extracto Memoria Sostibilidade 2019)

1. Sostibilidade Económica



Esta Memoria do ano 2020 non pode avanzar en detalle se non se fai referencia ao Covid-19.

O impacto da pandemia xerada polo coronavirus a nivel global ao longo do ano foi brutal en moitos eidos, afectando o seu impacto no 2021 e anos vindeiros.

O Mosteiro de Oia non foi alleo a ese impacto, repercutindo pero non afectando ás súas dúas liñas estratéxicas: o proxecto de rehabilitación integral, e a dinamización cultural como eixo vital.

O proxecto

Continua a avanzar sen descanso, a pesares do desexo de facelo a unha maior velocidade.

En outubro de 2019, o goberno do Concello de Oia manifestou o seu apoio ao proxecto urbanístico. Este momento histórico reflicte a visión común, tanto da propiedade como do goberno municipal, traballándose a partir de entón conxuntamente por un proxecto único, que permitirá nun futuro:

- Mobilizar o maior investimento da historia de Oia.
- Recuperar o principal patrimonio do municipio e un dos máis importantes do Baixo Miño.
- Actualizar o marco urbanístico dunha área central para o municipio.
- Crear unha senda verde, que vertebrará un espazo moi querido pola veciñanza e os visitantes.
- Permitir un proxecto que será un gran xerador de emprego durante a construción e posteriormente durante a súa vida como hotel singular.



O proceso de tramitación urbanística será longo debido ós sete departamentos de diferentes administracións públicas envoltas e a infinidade de leis, normativas, proxectos, e fases que deberán ser cumpridas.

Este proceso burocrático e os seus tempos, aseguran polo menos así un proxecto exquisito e de máximo cumprimento das normativas e criterios de Patrimonio, Urbanismo, Costas ou o propio Concello. Falamos dun proxecto único, que terá as máximas garantías e proteccións¹.

En canto ao ano 2020, obxecto desta memoria, as principais **intervencións** foron as seguintes:

- Inicio dos traballos dacordo co Concello de Oia, para a adecuación do marco urbanístico e o proxecto de rehabilitación do Mosteiro de Oia.
- Renovación de portas dos principais accesos e estancias.



- Mantenimiento preventivo e intervencións en la cubierta

¹ Se desexa saber máis respecto a o proxecto, convidámoslle a consultar a Memoria de Sostibilidade 2019.



- Rehabilitación e posta en funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes na estancia adicada historicamente para tal fin.

- Finalización do novo levantamento topográfico realizado con tecnoloxía fotogramétrica e LaserScan.



- Reforzo provisional de seccións das cubertas.



A dinamización cultural

O impacto do Covid-19 neste eido foi especialmente relevante. O equipo tivo que facer fronte a importantes decisións que pódense resumir nos seguintes impactos:

- Adaptación do Plan Cultural planificado de abril a novembro, limitándoo de Xullo a Setembro.
- Creación de Protocolos adecuados á xestión sanitaria do Covid-19 segundo as normativas das autoridades.
- Investimento en materiais hixiénicos, limpeza, sinalización, percorrido, e demais adecuacións.
- Redución dos aforamentos habituais da cordo cas diferentes normativas vixentes.

A estratexia era clara:

Non deixar de promover a cultura dende a seguridade, a pesares do impacto do coronavirus.

Afortunadamente, grazas as inquedañas, os folgos, e a comprensión de medidas as veces restritivas ou incómodas, os músicos, poñentes, e visitantes, lograron facer do Mosteiro un entorno seguro e cheo de vitalidade. Un lugar onde xente da cultura poido mostrar o seu coñecemento e inquedañas, a unha xente ávida do que só a cultura pode alimentar.

O obxectivo económico acadouse, obtendo ingresos dabondo para cubrir os gastos asociados dunhas actividades culturais máis necesarias que nunca.

(para máis detalles ver “3.Sostibilidade Cultural”)

NORMAS DA VISITA

**Se pensas que podes ter
síntomas, febre, tos
ou malestar, por favor,
non entres**




**É obrigatorio o uso
da mascarilla
en todo momento**

**Uso restrinxido dos servicios,
soamente en caso de urxencia.
Ao terminar desinfectaranse
previo o seguinte uso.**



**É obrigatorio desinfectarse
as mans antes de entrar**

**Mantén a distancia
de seguridade de
1,5 metros como mínimo**



REAL
MOSTEIRO
DE OIA

2. Sostibilidade Social



Son varios os enfoques e conclusións de diferentes estudos sobre a relación entre os mosteiros na Idade Media e a relación cos habitantes da súa contorna. Trala Desamortización de Mendizabal, a relación dos diferentes propietarios ca veciñanza tivo fortes particularidades dependendo da localización xeográfica, o uso e actividade dos bens monásticos subastados, e da tipoloxía dos propietarios.

No caso do Mosteiro de Oia, dende o Século XII ata os anteriores propietarios, o ben privado que sempre foi, non permitía o acceso e disfrute a terceiros. Afortunadamente hoxe en día, pódese desfrutar grazas a diferentes actividades públicas, pero non só.

Un dos eixos do proxecto dende o seu inicio no ano 2005, é utilizar o mesmo como motor de desenvolvemento local.

Este obxectivo non se limita a unha vez se inaugure a actividade hoteleira, senon que está presente en todo momento.

No ano 2020 os principais fitos atinxidos nese eido foron os seguintes:

- **Emprego local directo:** 66% local, 33% provincial.
- **Emprego local indirecto²:** 24% local, 76% provincial.
- **Facturación en intervencións por obras 2020:** 3% local³, 97% provincial.
- **Xeración de gasto local de visitantes a eventos** de alto impacto arredor da programación do Mosteiro:
 - “Solpores” (ceas).
 - “A Emoción dos Viños” (pernocta, e restauración).
 - “SinSal Litoral” (xantar).
 - Grabación “Bambú Produccións” (restauración para un amplo equipo internacional).
- **Acordos entre gandeiros locais e o Mosteiro**, para o uso das veigas para o pasto de cabras, ovellas e vacas cachenas.

² Persoal contratado polos provedores do Mosteiro de Oia

³ O nivel técnico requerido nas intervencións, moitas veces non permite a contratación de provedores locais por falta de coñecemento, certificados, tamaño, dispoñibilidade ou a propia inexistencia de empresas do servizo solicitado.

3. Sostibilidade Cultural

Este ano 2020 fíxonos entender dun xeito diferente a “sostibilidade cultural”. A dureza da pegada do coronavirus fíxonos adecuar e duplicar os esforzos para precisamente soste a cultura. Sentíamos unha obriga dobre, a de apoiar e impulsar a os creadores de cultura, e ofrecer ao mesmo tempo unha oferta cultural á xente nun ambiente seguro que lle permitira desfrutar de novas propostas.

Continuamos polo tanto desenvolvendo unha dinámica cultural con carácter propia e baseada nas seguintes premisas:

- Na relación ca historia, cultura, e co contorno do Mosteiro.
- Cun enfoque innovador e complementario as opcións de arredor.
- Valorizando a cultura transmitindo a necesidade da súa propia sostibilidade.
- Axudando a romper a estacionalidade do turismo, e a dinamizar os negocios da contorna.
- Apostando por actividades coidadas e de pouca afluencia, baseada na experiencia do visitante.
- Ao mesmo tempo que se mantén ao Mosteiro de Oia coma un dos tres principais monumentos do Baixo Miño visitados, xunto co Castro de Santa Tegra e a catedral de Tui.

Programación Cultural

As principais actividades do Mosteiro de Oia foron:

- As **visitas guiadas** (de mércores a domingo de Xullo a Setembro ambos inclusive, con cinco quendas ao día).
- **Visitas acompañadas non guiadas, de carácter gratuíto** (martes, con cinco quendas ao día).



As principais actividades do Mosteiro de Oia foron:

- **Ciclo de Conversas**, destacando a conversa con Ramón Patiño arredor da efeméride “**II Treboada**”. Cando os monxes foron guerreiros”, e a conversa mantida con Paula Conte, directora de Innovación e Proxectos Europeos da “**Fundación Santa María La Real**”.

- **Ciclos de Solpores e Conversas**⁶



SOLPOR NO MOSTEIRO
VISITA • CONCERTO • COPA DE VIÑO
Aforo limitado 15€
Compra o teu ticket en www.mosteirodeuia.com/eventos

sábado 4 de xullo 19:30h
Awen
Directo acústico formado por: Alex Vascos e Carlos Talla Rodríguez con influencias do rock, blues ou soul, con versións de grandes como Amy Winehouse, John Denver, Janis Joplin, Edie Sedgwick e algunhas letras de composición propia. Dous potentes voces unidas por unha fusión: a música.

sábado 8 de agosto 19:30h
Bruce Grinn
Un rock que se move entre a canción de autor e o intimismo. Unha pléida entre a melancolía, a épica e a rabia. Con influencias do funk pero sempre cunha guitarra acústica como protagonista.

sábado 22 de agosto 19:30h
Rivergood
Repensando o folk e o rock, Rivergood é un dúo con historia do rock, blues, soul, grunge... Desde Nina Simone a Queen, desde os Beatles a Pearl Jam, desde os Miriam Feliñer a Los Pájaros... Un sound acústico para non dicir indiferente a nada!

sábado 12 de setembro 19:30h
El síndrome de Penny Lane
Versións dos maiores temas pop, rock, internacional desde os 60 ata a actualidade. The Beatles, Police, Simon and Garfunkel, pasando por Ed Sheeran, Bruno Mars, ou Antonio Vega. Cun respecto total pola versión orixinal souzará as tuas cancións favoritas tal como as lembrás.

e ademais
VISITAS GUÍADAS - MOSTRAS OS PRESOS DO MOSTEIRO "Memorias da Guerra Civil Española": 6€

REAL MOSTEIRO DE OIA

CONVERSAS NO MOSTEIRO
CONVERSA • COPA DE VIÑO
Aforo limitado 6€
Compra o teu ticket en www.mosteirodeuia.com/eventos

sábado 18 de xullo 18:30h
Paula Conte García
"O patrimonio como motor de desenvolvemento"
Directora da Oficina de Proxectos e Innovación da Fundación Santa María La Real

sábado 15 de agosto 18:30h
José Fariña Tojo
"Turismo, urbanismo e identidade"
Profesor Emérito da Universidade Politécnica de Madrid, Catedrático de Urbanística e Ordenación del Territorio, Director de Cuadernos de Investigación Urbanística.

e ademais
VISITAS GUÍADAS - MOSTRAS OS PRESOS DO MOSTEIRO "Memorias da Guerra Civil Española": 6€

REAL MOSTEIRO DE OIA

⁴ Efeméride do ataque pirata do 19 de marzo de 1624

⁵ Fundación de referencia en España polas súas actuacións iniciais sobre o Románico Palentino, e actualmente cun amplo abanico de actividades baseadas nas persoas, o patrimonio, e a paisaxe.


⁶ A conversa con D. José Fariña Tojo aprazouse debido a problemas de axenda, estando pendente una nova data de celebración

Neste ano 2020 tamén tivemos a sorte de acoller nos nosos muros a os que xa consideramos amigos:

SINSAL LITORAL. 26 de xullo.



A EMOCIÓN DOS VIÑOS⁷ . 1 e 2 de agosto



⁷ Evento no que a organización non só contou ca colaboración do Mosteiro de Oia, senón tamén ca inestimable axuda do Concello de Oia.

Tivemos a oportunidade de celebrar catro “solpores”, os xa tradicionais concertos durante a posta do sol no Patio de Armas, onde ofrecemos a un público asiduo música en directo gozando dunha copa de viño. Por suposto cun aforo limitado e adecuado á normativa sanitaria e cumprindo todo o protocolo Covid.

AWEN. 4 de xullo.

Música con influencias rock, blues e soul, con versións de grandes e algún tema de composición propia.



BRUCE GRINN. 8 de agosto.

Veciño de A Guarda, deleitou con música de influencias funk e a guitarra acústica como protagonista.



RIVERGOOD. 22 de agosto.

Repasou algunhas das grandes canción da historia do rock, blues, soul, grunge... Dende Nina Simone a Queen, dende os Beatles a Pearl Jam, dende os Allman Brothers a Foo Fighters... Un show acústico que non deixa indiferente a ninguén!



EL SÍNDROME DE PENNY LANE. 12 de setembro.

Ofreceron os mellores temas de pop e rock internacionais dende os 70 ata a actualidade, co seu toque personal.



Para estes eventos musicais, contamos coa inestimable colaboración de Quinta de Couselo; una adega que ten una relación histórica co Mosteiro de Oia, xa que unha das principais granxas do cenobio era a actual adega, sendo os seus viñedos continuadores dos desenvolvidos séculos atrás polos monxes.



QUINTA COUSELO
VITICULTORES BODEGUEROS DESDE 1864

Proxecto “Os presos do Mosteiro. Memorias da Guerra Civil española”

Tras a súa inauguración en Novembro do 2019, o ano 2020 foi un ano fundamental para calibrar a acollida da mostra, e observar a eclosión de continuados esforzos feitos ao redor dos escritos dende o ano 2005.

Este ano non só foi o principal atractivo das visitas guiadas, se non que espertou o interese de diferentes xornais e medios de comunicación reflexando estes a filosofía dos traballos levados a cabo do 2005 ao 2020.

A iniciativa naceu dende a propiedade do Mosteiro, considerando una obriga rescatar, conservar, estudar, recuperar e amosar, unhas pegadas únicas dun fito histórico moi relevante nos máis de 850 anos de vida do mosteiro.

A mostra amosa escritos a lapis nas paredes, onde os prisioneiros do bando republicano nos anos 1937 e 1939, reflexaban as súas inquedanzas, sonos e reflexións.

Segundo a documentación propia do bando sublevado, o “campo de concentración do Mosteiro de Santa María de Oia” foi un lugar de clasificación de presos, chegando a albergar ata 4.500 presos no 1939.



Medios nacionais fixéronse eco da actividade cultural do Mosteiro:

EL PAÍS CULTURA SUSCRIBETE INICIAR SESIÓN

Los presos de la Guerra Civil que comían algas y dibujaban cochinillos

La empresa propietaria del monasterio cisterciense de Oia (Pontevedra), futuro hotel, rescata un centenar de dibujos que los represaliados del franquismo plasmaron en sus paredes



Claustro de Procesiones del Real Monasterio de Oia, durante una visita guiada que incluye la exposición de dibujos de los presos. OSCAR CORRAL

elDiario.es Hazte socio/a

Vacuna Plan para Navidad Educación Procés PP Presupuestos Generales

LOTERÍA DE NAVIDAD Buscador con todos los números premiados

Ya pueden contemplarse los "guernicas" realizados por los prisioneros del campo de concentración franquista de Oia

Parte de la historia del sistema de reclusión y muerte del régimen quedó plasmada en las paredes del Monasterio de Santa María de Oia a través de los grafitos de los prisioneros, en la única pinacoteca con obras de los campos franquistas

f t ... Foco MEMORIA HISTÓRICA



Escenas de guerra dibujadas por los prisioneros en las paredes del Monasterio de Oia.

“II Recoñecemento Mosteiro de Oia. Chave e memoria de Galicia”

No ano 2019 tivo lugar no refectorio do S.XVII do mosteiro, o I recoñecemento do Mosteiro de Oia, entregado a D. Joan Salvador -único preso supervivente daquela do Campo de Concentración de Santa María de Oia- como representante de todos aqueles que sufriron un destino que debe ser sempre lembrado para nunca ser esquecido.

O II Recoñecemento pon en valor a figura do investigador local D. Fernando Javier Costas Goberna, que de forma altruísta dedicou boa parte da súa vida a ler, recoller e contrastar innumerables pegadas humanas -físicas ou orais- que a o longo de milleiros de anos conformaron un pobo e un territorio que é Oia e a súa contorna.

Costas Goberna é membro do Instituto de Estudios Vigueses e da Asociación de Amigos do Mosteiro de Oia (ACAMO), destacando pola súa capacidade de acción dende a reflexión e o rigor, achegando a investigación e a historia á sociedade dun xeito directo e próximo.

Este evento anual, con forte carácter de permanencia, trata de agradecer a persoas ou colectivos que tras un percorrido vital representan dun xeito ou outro, a importancia da historia, da cultura ou o valor por deixar unha pegada que nos permita avanzar como pobo.

FARO DE VIGO

COMARCAS REDONDELA VAL MIÑOR A LOURINHA BAIXO MIÑO CONDADO-PARADANTA GRAN VIGO

Costas Goberna ahondará en la vida de los monjes de Oia en el complicado siglo XVII

La propiedad del monasterio entrega al historiador un reconocimiento por su contribución a la recuperación de la memoria histórica del cenobio y de la localidad

Oia 02/10/20 03:41



Javier Costas Goberna, en el centro, con Xoan Martínez y Juan Martínez, de la propiedad, ayer. // FGV

Consolidación de fitos sociais e culturais anuais de referencia

- **Efeméride do ataque pirata do 19 de marzo de 1624.**
“Treboada. Cando os monxes foron guerreiros”.

Segunda edición.

(para máis detalles ver páxina 18)

- **Recoñecemento “Mosteiro de Oia. Chave e historia de Galicia”.**
Segunda edición.



- Preparación dos eventos polo 90º Aniversario do Mosteiro como Ben de Interese Cultural, previstos para xuño do ano 2021.

Creación da Editorial “Serra da Groba”

Editorial “Serra da Groba” créase co obxectivo de identificar, promover e difundir o coñecemento sobre a historia, o patrimonio natural e artístico, e a etnografía da Serra da Groba, compartida polos Concellos de Oia, Baiona, Gondomar, Tomiño, O Rosal e A Garda. Centro do antigo e descoñecido territorio de Turonium, segue escondendo infinidade de segredos e riqueza que deben ser desentrañados e postos en valor.




Este proxecto forma parte da dinamización cultural que leva a cabo O Mosteiro de Oia, dentro dunha estratexia integral para a rehabilitación do Real e Imperial Mosteiro de Santa María de Oia, e a dinamización cultural do mesmo e da zona. O valor a través do patrimonio, e as experiencias que se xeran grazas a iso cremos que permitirán o rexurdir dunha peza crave para entender a historia do Mosteiro.

O primeiro libro publicado é: UN MONASTERIO VINCULADO AL MAR.



Un libro escrito por Mayte Prieto, editado por Serra da Groba Edicións e impreso polo Mosteiro de Oia, co obxectivo de compartir a marabillosa historia que o Mosteiro ven escribindo dende o século XII.



A seguinte publicación prevista terá lugar no 2021, baixo o título “OS MONXES DE OIA. DE HEROES A VILÁNS NO SÉCULO XVII”. Este traballo profundará na extrema complexidade que viviron os monxes nese período, ao estar obrigados a manter a Praza de Armas nun momento de alta tensión política e militar entre España e Portugal. Unha obra que será escrita por Javier Costas Goberna e editada por ‘Serra da Groba’, vencellando a publicación ao recoñecemento público do Mosteiro de Oia a este investigador de referencia.

Outros eventos

15K DO ATLÁNTICO BANCO MEDIOLAMUN.
19 de setembro



Por segundo ano consecutivo acoollimos o evento de presentación de “A Icónica”. Unha andaina en dúas etapas de Oia a A Guarda pasando por O Rosal; e de A Guardia a Tui recorrendo Tomiño pero tamén as terras portuguesas de Vila Nova de Cerveira e Valença do Minho..

ACOLLIDA DA SAÍDA EXPEDICIÓN RUTA DO CAMIÑO PORTUGUÉS. 19 de outubro


Unha iniciativa impulsada por Fincamoreiras, na que unha expedición de 100 persoas percorren con cabalos de pura raza galega os 124 quilómetros que separan o Mosteiro de Oia da catedral de Santiago de Compostela, por etapas e en grupos reducidos.

A expedición, denominada “Do Mosteiro a Santiago” fai posible a participación de persoas con diversidade funcional, a través de diferentes asociacións para que así poidan gozar desta marabillosa experiencia. Unha increíble actividade de inclusión social.



GRAVACIÓN DA SERIE ‘UN ASUNTO PRIVADO’ 30 de novembro

As diferentes e únicas estancias do mosteiro levan anos sendo o



escenario elixido por diferentes produtoras de películas e series televisivas, e este ano foino para a gravación dunha serie que se emitirá internacionalmente en 240 países baixo o nome ‘Un Asunto Privado’. Deste xeito continuamos dando unha visibilidade mundial a este patrimonio de todos.

Esta serie de ficción creada en asociación con Bambú Producións e ambientada na Galicia dos anos 40, é protagonizada polo actor Jean Reno e a española Aura Garrido, entre outros artistas de primeiro nivel.

Resultados 2020


Dada a situación epidemiolóxica dende marzo a decembro, os resultados reais máis buscados non están nos números.

A absoluta prioridade no eido cultural foi o poder ofrecer opcións culturais

sanitariamente seguras, mentres se axudaba ao colectivo cultural –gravemente afectado pola pandemia⁸ –.

A planificación inicial de Abril a Novembro, tivo que reformularse ao período de Xullo a Setembro.

O tipo de actos, o número de persoas por cada un destes, e o tipo de medidas a activar, condicionaron absolutamente o programa cultural e os resultados ligados aos visitantes. A falla de peregrinos e de visitantes estranxeiros tamén fíxose notar. A pesares de todo, a satisfacción pola resposta dos visitantes é absoluta, acadándose



un número de visitas nos meses de Agosto e Setembro superiores a ese mesmo período no 2019.

Estes números de visitantes axudaron á hostelería e restauración arredor do Mosteiro, minimizando así a caída de ingresos polas restriccións e a forte baixada de turistas.

Ogallá a incerteza xerada polo Covid-19 ao inicio do 2021, deixe paso a unha liberdade gradual de movementos e de actividades así como avance o ano.

Sexa o que for, o Mosteiro de Oia seguirá esforzándose por conseguir retos apaixonantes xunto cos folgos e axuda de tanta xente.

⁸ Os profesionais da cultura e do espectáculo é unha das dúas ocupacións máis afectadas polo Covid-19 en 2020, supoñendo un 30% de redución nas contratacións respecto ao ano pasado, 2019.

4. Sostibilidade Medioambiental

Tanto a liña de redacción e execución do proxecto de rehabilitación do Mosteiro de Oia como a liña de dinamización cultural anual, comparten dende o seu deseño o máximo respecto medio ambiental.

Sabendo da simpleza deste tipo de afirmación en todo tipo de iniciativa, o compromiso do Mosteiro e amosalo compromiso con feitos. Estes son os relativos ao 2020 en tanto a sostibilidade da nosa actividade ca natureza.

- Intervencións construtivas. Últimos traballos provisionais en cubertas, e inicio da fase final do proxecto de cubertas definitivas.
 - * Este xiro suporá o primeiro investimento definitivo da cordo co proxecto final de rehabilitación do mosteiro.
 - * Ao mesmo tempo, evítase o uso de materiais provisionais, polo tanto de durabilidade media no tempo.
 - * Nembargantes, os materiais provisionais utilizados nestes últimos anos corresponden a madeira maciza de pino e a fibrocemento. O primeiro material será retirado e clasificado para a súa reutilización dentro do ciclo forestal. O segundo, será reutilizado. Aquelas pezas que non o permitan pola súa forma ou estado pasará a tratarse como residuo de construción segundo a normativa.
- Certificación CRAEGA⁹¹ para pasto e cultivos.
- Uso das veigas do Mosteiro para pasto, por parte de cabras, ovellas e vacas cachenas, baseándose nos conceptos de agricultura e gandería ecolóxica.



- Existencia de donicelas, morcegos e diferentes paxaros ao longo dos 57.000 m2 de extensión da propiedade.

- Participación no “Proxecto Ríos” apadriñando os últimos 500 metros do río da Lavandeira. Programa de análise de augas, limpeza e coidado de treitos de ríos. Iniciativa dos compañeiros de KALEIDO Ideas & logistics.



- Asistencia a eventos como SinSal Circular, que xiran arredor do intercambio de coñecemento e experiencias sobre economía circular e outras iniciativas sobre sostibilidade semellantes.



- Loxística asociada aos eventos:


* Segregación de residuos. Cantidade total xerada:

- Papel, 1,2 m3
- Plástico, 0,9 m3
- Residuos, 2,5 m3

* Augas residuais:

- Aluguer de baños portátiles, e retirada semanal dos depósitos por camión cisterna e posterior tratamento

* Utilización de vasos de vidro en “A Emoción dos Viños” e o viño ofrecido pola adega Quinta de Couselo nos “Solpores do Mosteiro”



5. Conclusións

Finalizamos un ano 2020 extraño pero que non conseguiu mudar a estratexia e as accións fixadas a prol de rehabilitar o Mosteiro e dotalo de vida.

Logrouse avanzar tanto na tramitación urbanística, en intervencións relevantes, coma nun desenvolvemento local grazas a iniciativas culturais no cenobio.

A ecuación de sostibilidade económica, social, cultural e medio ambiental segue manténdose equilibrada con accións fortes e rotundas en cada unha das liñas. Accións baseadas en feitos ao longo do tempo.

Do mesmos xeito estase a traballar en medidas a curto, medio e longo prazo, que permitirán asegurar accións e impactos de calado, a pesares da pesadosa velocidade imposta pola burocracia e o número de administracións públicas implicadas.

A independencia económica sen necesitar fondos públicos, limitaron pero ao mesmo tempo garantiron os esforzos feitos ata agora. Ogallá a ambición poida ser maior ca inestimable axuda das institucións.

Encaramos un ano 2021 moi importante, xa non unicamente pola complexidade dos pasos previstos se non polo que o Covid-19 poida condicionar.

A pesares diso, o equipo e o proxecto do Mosteiro de Oia afronta con ilusión e forza o futuro ante o acadado no presente. Mais se cabe, grazas ao pulo e o bloque constituído xunto co Concello de Oia.

Este proxecto conseguirá na súa medida, loitar contra algúns dos grandes problemas de Galicia vencellados ao abandono do rural, a demografía, o deficiente urbanismo, ou a falla de emprego de calidade. Seguirase tratando de puxar por unha actividade cultural viva, forte e independente.

Invitarvos a que nos sigades a través dos distintos canles, tanto para seguir o proxecto, para desfrutar do Plan Cultural 2021 que faremos público en breve, coma para preguntar ou aportar calquera comentario.

Oia, Nadal 2020

Vídeo resumo ano 2020

¿Queres ver o vídeo resumen da actividade 2020?
Visita a nosa canle de youtube



Se tes algunha suxerencia, idea ou comentario encantaranos
recibilo en info@mosteirodeoia.com

Datos de contacto:
www.mosteirodeoia.com
info@mosteirodeoia.com

Anexos

Anexo I

Extracto da Memoria de Sostibilidade 2019

Mosteiro de Oia. Evolución dende a adquisición

Breve historia

A pegada do Mosteiro de Santa María de Oia determinou en grande medida o desenvolvemento do actual Concello de Oia e a súa contorna, pero é moi importante ter en conta a intensa actividade do home dende moito tempo atrás.

A alta densidade de petróglifos vertebrados ao longo da Serra da Groba, os innumerables castros, as salinas e as minas de ouro de época romana, e lendas como a da figueira do “castelo onde está o mosteiro” son testemuñas dunha pequena historia do home neste recuncho do suroeste de Galicia.

A fundación do mosteiro no ano 1137 xuntándose tres pequenas comunidades de eremitas, fixo confluír unha serie de doazóns e privilexios que significaron terras e exencións, pero tamén fitos dunha relevancia que chega aos nosos días.

Un destes fitos xurdiu do privilexio dado polo rei Pedro I en 1203, permitindo aos monxes a cría de cabalos no monte, dando lugar ou polo menos formalizando o que hoxe en día coñecemos como “curros” ou “rapa



A figueira do Mosteiro de Oia

das bestas”. Este evento tan singular e con tanta raigame aínda ten lugar en Oia nos curros de Mougás, Torroña e A Valga.

Grazas a actividade monástica, desenvolveuse fortemente a agricultura, e especialmente o cultivo do viño. Este cultivo viviu un forte crecemento non só no actual O Rosal senón tamén na franxa miñota portuguesa entre Caminha e Valença do Minho dado que os territorios do mosteiro chegaban ao norte de Portugal e incluso a Estremadura portuguesa e ao centro da propia capital, Lisboa.

A función de hospital que tivo foi consecuencia de dúas singularidades extremadamente importantes. Por unha banda, o cenobio practicamente sempre foi unha praza de armas por exixencias reais por dúas realidades: por ser punto de costa e portíño e polo tanto entrada dos ataques por mar ao Reino, e por ser pouco despois da súa fundación punto de poder próximo a fronteira con Portugal. O hospital reforzaba o seu rol non só por ser praza de armas, senón por ser Camiño Portugués pola Costa, tamén chamado Camiño Monacal por este centro monástico.

Os anos de esplendor combináronse ciclicamente con anos de ruína. Desafortunadamente, o espolio do mosteiro non é algo novo e puntual, senón vello e regular na súa historia. Ós ataques máis relevantes sucedéronse nos tempos de Napoleón, no Trienio Liberal, na II República, na Guerra Civil Española e en diferentes momentos posteriormente. Foi habitual o levantamento de pedras e materiais do mosteiro por parte da veciñanza, para a mellora das súas casas ou novas construcións.




Intervencións

En novembro de 2004, a actual propiedade adquiriu o cenobio. O estado estaba próximo ao colapso, con parte dos tellados afundidos e muros a piques de vencer tras décadas sen apenas actuacións.

Do 2005 ao 2019 as intervencións foron regulares, actuando sobre tellados, muros, interiores e vexetación.

Ao mesmo tempo, negociouse en paralelo co Concello de Oia un marco urbanístico que permitira a rehabilitación co fin de dedicar o monumento a un uso hoteleiro logrando así a súa sostibilidade económica dentro dunha escala respecto ao urbanismo, ao patrimonio e a contorna.




2004
Novembro, Vasco Gallega adquire o mosteiro por 2,4 millóns de €



2004
Vascogallega adquire o mosteiro nun estado de urxente necesidade de reparación e mantemento



2005-2006
Acométense os primeiros traballos de desescombro, reposición de cubertas caídas e apuntalamiento de fachadas.



2009
Segunda intervención nas cubertas



2010
Reposición da parede perimetral



2016
Traballos de reposición para o tellado e muro cara ao sur



2017
Muro de contención que enfrenta o mar.



2018
Retirada da cuberta do Ala Norte colapsada



2019
Unha nova etapa. Reapertutra das visitas guiadas. Novos traballos de mantemento.

Tras quince anos de negociacións e atrancos, a finais do ano 2019 o a actual propiedade e o Concello de Oia están a traballar xuntos polo marco urbanístico axeitado que permita por fin e trala súa tramitación, a rehabilitación tan buscada por todos cumprindo as máximas garantías en todos os ámbitos.

Iniciativas culturais do 2005 ao 2019

OUTRAS INICIATIVAS DE CARÁCTER CULTURAL

2005 Aperturas ao público tras máis de 800 anos de historia

2005 Promoción do Camiño Portugués pola Costa

2005 Celebración 75º aniversario BIC (Ben de Interese Cultural)


2010 Adhesión á Carta Europea do Císter

2012 Rede Española de Itinerarios Culturais.

Representantes en España da Ruta do Císter

2015 Membros fundadores ACIGAL
(Asociación de Mosteiros do Císter de Galicia)

2019 Visitas Guiadas, Concertos, Conversas...



vémonos no 2021!

